

ACTA N° 19/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 20 de abril de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 18/09, do 13/04/e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Visto o expediente instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 61/08 – D. VICTOR MANUEL RÍOS PEREZ E D.^a M^a SHEILA MARTÍNEZ PASTORIZA presentan proxecto reformado de básico e de execución -e tamén a documentación que lles foi requirida- para vivenda unifamiliar a situar en Piñeiro, 133 Moaña.

Dáse conta do informe do arquitecto da asistencia técnica do día 17 de abril de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS:61/08
ASUNTO: MODIFICADO DE BÁSICO E PROXECTO DE EXECUCIÓN DE UNIFAMILIAR
SITUACIÓN: BERDUCEDO

INFORME: Procede licenza de modificación do proxecto básico,cuxo outorgamento inicial prodúxose en Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de xuño de 2008.

Non require informes sectoriais.

Proxecto de execución de vivenda.

Presenta certificación acreditativa de execución de obras de demolición antes dos seis meses do acto de comunicación la licenza.

Presenta escritura notarial de arrimo.

As condicións da licenza inicial subróganse a esta.

Liquidación provisoria de tributos

Liquidación complementaria ICIO por modificación 129,04 €

Taxas licenza urbanística..... 16,13 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto reformado de básico e de execución conxuntamente co básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 61/2008.**

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 133/07 –SUPERMERCADOS NOGUEIRA, S.L. presenta proxecto básico e execución de acondicionamento de local para supermercado, sito na baixada ao Cocho, nº 211 do barrio da Guía-Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristobal Juncal Ríos, visado na data 25.06.07.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de abril de 2009, que literalmente di:

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE
NON CLASIFICADA DESTINADA A SUPERMERCADO

INFORME: Procede licenza urbanística de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL e licenza de actividade para SUPERMERCADO en peza simultánea consonte determina o Artigo 196.2 da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Uso compatible cos determinados pola ordenación urbanística zonal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arreglo o proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmueble destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder o permiso de obras se o outorgamento da licenza de apertura non resultase improcedente.

Ordease o arquivo provisional do expediente no servizo correspondente de aperturas en tanto non se resolva a licenza de apertura para o funcionamento da presente actividade.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|--------------------------------|------------|
| Imposto s/construción..... | 1.236,86 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 110,43 € |
| Cartel de obra..... | 110,00 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita SUPERMERCADOS NOGUEIRA, S.L. para a actividade de SUPERMERCADO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A SUPERMERCADO”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. JOSÉ LUIS ALVAREZ SOUTO en calidade da entidade mercantil PROMOCIONES SOUTO E GONZALEZ, S.L., no que SOLICITA Licenza de

primeira ocupación para edificio de dúas plantas soto, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta situado nas parcelas nove-b, dez-c, once-c, doce-b, trece e catorce do proxecto de Compensación do Plan Parcial O Rosal Sur, pertencente á licenza de obra expte. nº 284/05, (concedida pola XGL en sesión de data 26.12.2005).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 20 de abril de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

OBRA: Edificio de dúas plantas soto, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para SPATHALASSO e 31 vivendas.

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitectos técnicos D. José Ponce Yañez e Jose Buceta Amoedo, o día 13 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 27 de febreiro de 2009; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez e D. José Luis Arias Jordán o día 13 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 02 de marzo de 2009.
- Proxecto de telecomunicacións asinado polo enxeñeiro de telecomunicacións D. Mario Rafael Balsa, e visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros de telecomunicacións de Pontevedra o día 30 de marzo de 2009.
- Certificado de illamento acústico favorable para o desenvolvemento da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.
- Xustificación dos cambios realizados no estado final da obra asinado polos arquitectos D. Gumersindo Vázquez Gómez e D. José Luis Arias Jordán e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 23 de febreiro de 2009.
- Planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 11 de marzo de 2009.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 4.766,22 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 284/2005, á súa promotora PROMOCIONES SOUTO E GONZALEZ, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- OBRAS MENORES: PECHES

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiras persoas e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

5.A) EXPTE. 64/09 – D. ÓSCAR MANUEL RIOBÓ MARTÍNEZ, solicita licenza municipal para a construción de muro de peche a lindantes de 92,02 m liñais e 1,00 de altura, a base de postes e tela metálica nunha finca da súa propiedade denominada “Alvarias” no barrio de Broullón, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 16 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO

INFORME: **Procede licenza cerramento de postes e arame**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima de 1,00 metro a partir da rasante

A lindantes.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 38,73 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.B) EXPTE. 63/09 – D. ÓSCAR MANUEL RIOBÓ MARTÍNEZ, solicita licenza municipal para a construción de muro de peche a lindantes de 113,14 m liñais e 1,00 de altura, na parte sur a base de bloques e na parte este e oeste a base de postes e tela metálica nunha finca da súa propiedade denominada “Cancelo” no barrio de Broullón, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 16 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO

INFORME: **Procede licenza cerramento de acordo co especificado na solicitude.**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima de 1,00 metro a partir da rasante

Retranqueo do eixo da vía pública será de 4,00 metros, resto a lindantes.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción 47,61 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.C) EXPTE. 59/09 – D. JOSÉ ACEVEDO RIOBÓ, solicita licenza municipal para a construción de muro de peche de 71,49 ml a lindeiros, a situar no lugar de Bacelo do Barrio de Verdeal – Domaio, de conformidade coa documentación presentada. Orzamento de obras: 1.811 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 14 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO

INFORME: Procede licenza

Non require informes sectoriais.

As características do cerramento quedan fixadas na documentación aportada para as Ordenanzas 2 e 10, con alturas máximas de 2,00 e 1,00 metros respectivamente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción 50,71 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.D) EXPTE. 66/09, D.^a DELFINA MARTÍNEZ CARBALLO, solicita licenza de obra para a construción dun muro de peche de finca na totaliade do lindeiro noreste, de 20 metros liñais e 2 metros de altura, a base de bloques de formigón, no lugar da Grela núm. 188, do barrio de Fontes, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 16 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

A altura máxima de 2,00 da rasante do terreo

A lindantes. No enteste coa vía pública distará cando menos 4,00 do eixo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción 48,28 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.E) EXPTE. 58/09, D. ÁNGEL MANUEL BOUBETA RODRÍGUEZ, solicita licenza de obra para a construción de muro de peche de 44,23 ml de altura 1,50 ml, a vía publica, a situar no lugar de Costa-Domaio, de conformidade coa documentación presentada; orzamento das obras 1.812 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Retranqueo mínimo do eixo da vía pública será de 6,00 metros.

Altura máxima do cerramento e portal será de 1,50 metros a partir da rasante do terreo cos materiais especificados na proposta.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|---------|
| Imposto s/construción | 50,74 € |
| Taxas licenza urbanística | 65,00 € |

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) EXPTE. 258/08 – D.^a SONIA MARÍA BERNÁRDEZ e D. DAVID OTERO PAZ renuncian á execución das obras e propoñen o arquivo do expte. de obras 258/08 por motivos persoais. Tamén solicitan a devolución dos dereitos ingresados, derivados da aplicación da ordenanza fiscal do ICIO.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: RENUNCIA A EXECUCIÓN DE OBRAS.DEVOLUCIÓN DE TAXA E IMPOSTO.

INFORME: **Procede o arquivo do expediente.**

Expediente en tramitación de licenza.

Os servizos municipais competentes pronunciaranse sobre a petición de devolución de taxas e imposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o informe-proposta do aparelador municipal nos seus xustos termos.

6.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de D.^a Amelia Rodríguez Barreiro, CLAVE: DH.A36.13886, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de agosto de 2008, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME

Este Concello, ante a petición formulada por Augas de Galicia debido a solicitude CLAVE DH.A36.13886 promovida por D^a Amelia Rodríguez Barreiro, manifesta a súa conformidade coa petición habida conta que según consta no expediente o servizo de abastecimento municipal de augas non alcanza a zona.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

7- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

7.A) D. MANUEL ANTONIO POSE GIMÉNEZ E D.^a EMÉRITA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con domicilio na rúa Sixalde nº 14, do barrio do Redondo, ceden gratuítamente e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 14,5232 m² de terreo, con motivo dos traballos de ampliación e construción de beirarrúas da estrada As Barxas-Verducedo (tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata Rosalía de Castro) e piden que o Concello se comprometa a construír lle o peche na fronte da fachada da rúa As Barxas – Verduce.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: Aceptar a cesión de 14,5232 m² da parcela propiedade de D.Manuel Antonio Pose Gimenez e D.^a Emérita González González, e recoñecerlles que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

Segundo: Comprometerse a construír lle o muro no fronte da parcela obxecto de cesión.

7.B) PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ, S.L., representado por D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ SOUTO cede gratuítamente e voluntariamente ao Concello de Moaña o terreo coa superficie de 188,00 m² situado entre o tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata A Moca, con motivo dos traballos de ampliación de beirarrúas da estrada PO-1101 As Barxas-Verducedo, pero se reserva os dereitos de edificabilidade que lle poidan corresponder.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: Aceptar a cesión de 188,00 m² da parcela propiedade de PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ, sita entre o tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez

ata A Moca e reservarlle os dereitos de edificabilidade que lle poidan corresponder pola superficie cedida.

Segundo: Comprometerse a construírlle o muro no fronte da parcela obxecto de cesión.

8.- LICENZA DE APERTURA

EXPTE. 10/09 – D.^a MARÍA DEL CARMEN NÚÑEZ PAREDES solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 24 de marzo de 2009, licenza de apertura para establecer un local destinado a Labores de Costura, Corte e Confección de Roupa, na rúa Puri P. Prado, 23 – 1º, local 3.

Visto o informe do aparellador municipal do 16 de abril de 2009, que literalmente di:

LICENZA DE APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA SEN OBRAS.

ASUNTO: LABORES DE COSTURA, CORTE E CONFECCIÓN DE ROUPA.

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

Actividade proposta: establecemento de LABORES DE COSTURA, CORTE E CONFECCIÓN DE ROUPA. Uso comercial; compatible coa ordeación de usos prevista polo Plan Parcial e do Documento de Revisión e Adaptación da Norma Subsidiaria Municipal de Planeamento, actualmente vixente.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a D.^a MARÍA DEL CARMEN NÚÑEZ PAREDES licenza para a implantación da actividade de LABORES DE COSTURA, CORTE E CONFECCIÓN DE ROUPA no local 3 situado na rúa Puri P. Prado, 23 – 1º, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

9.- LIQUIDACIÓN PRIMA DE SEGUROS

Visto o documento de liquidación das cotas do Seguro Obrigatorio/Voluntario de Automóbiles correspondente a 2009 de determinados vehículos deste Concello, remitido polo Consorcio de Compensación de Seguros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 1.528,01 euros a favor de Consorcio de Compensación de Seguros pola renovación das pólizas correspondentes aos seguros dos vehículos municipais coas matrículas que se relacionan de seguido, imputandoo ás seguintes partidas:

| | PÓLIZA | MATRÍCULA | IMPORTE € | PARTIDA |
|------------------|----------|-----------|-----------|------------|
| Servizos | 31312173 | C-1143 BL | 156,58 | 5110 22400 |
| Protección civil | 51435980 | 1325BVH | 405,57 | 221 22400 |
| | 71536747 | PO5323BH | 157,43 | 221 22400 |
| | 71557338 | 5751FYD | 157,43 | 221 22400 |
| Policía Local | 51435985 | 6388CPT | 156,58 | 2220 22400 |
| | 71535177 | 4705FST | 156,58 | 2220 22400 |
| | 71551693 | 0633FWR | 168,92 | 2220 22400 |
| | 71551694 | 0643FWR | 168,92 | 2220 22400 |

10.- PROPOSTA DE ANULACION ACORDO

Na Xunta de Goberno Local de data 19 de xaneiro de 2009, autorizouse e comprometeuse un gasto por importe de 282,30 euros con cargo á partida 5110 21400 do orzamento deste Concello para o ano 2009, para arranxo dun vehículo de servizos matrícula 8453-CJC.

Segundo proposta de Intervención de data 16 de febreiro de 2009, nese departamento consta a existencia dunha factura emitida o día 03.02.09 por Electroauto Cangas, S.L. – prestador dos servizos autorizados- por importe de 934,03 euros, do que se comproba a execución de gasto por importe superior ao que inicialmente se propuxo e posteriormente se autorizou pola Xunta de Goberno Local. Ademais indica cque na execución do acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de xaneiro de 2009 rexistrouse un compromiso do gasto por importe de 282,30 euros, compromiso con cargo ao que non pode ser imputado o gasto facturado por non ser este o obxecto e prezo do contrato autorizado , e por iso, propón:

Primeiro: Anular o acordo da xunta de goberno local do 19 de xaneiro de 2009, polo que se autoriza e compromete un gasto por imorte de 282,30 euros con cargo a patida 5110 21400 do orzamento deste Concello para o ano 2009 para execución de arranxo de vehículos de servizos.

Segundo: Rexistrar na contabilidade a anulación do compromiso e da autorización do gasto que se contabilizou con cargo á partida 5110 21400, repoñendo o crédito á situación de dispoñible.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Intervención municipal nos seus xustos termos.

11.- PROPOSTA DE GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A NAVE DE SERVIZOS.

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de abril de 2009 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a nave de servizos.

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de agua, recollida do lixo..

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución, S.A. 03090310054721 419,41 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de SANCHEZ CARBALLO, Antonio, por importe de 419,41 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 5110 22100, correspondente ao período 13.02.09 a 12.03.09

Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 419,41 euros en concepto de enerxía eléctrica da nave de servizos período 13.02.09 a 12.03.09, con cargo á partida orzamentaria 5110 22100, RC 640.**

12.- PROPOSTA DE GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de abril de 2009 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de agua, recollida do lixo..

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución, S.A. 2409031173739 228,27 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B. por importe de 228,27 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3130 22100, correspondente ao período 20.02.09 a 23.03.09

Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 228,27 euros en concepto de enerxía eléctrica do Clube de xubilados de Meira, con cargo á partida orzamentaria 3130 22100, RC 639.**

13.- PROPOSTA DE GASTOS CERTAME CORAIS

Vista a proposta de gasto do concelleiro delegado de Cultura e Ensino no que solicita que se faga a reserva de crédito suficiente para sufragar o gasto da adquisición de agasallos para a certamen de corais que se realizará no Concello organizados polo Coro San Pedro de Domaio, Orfeón de Moaña e Coral Moañesa,

Visto o orzamento do 17 de abril de 2009 de Joyería Terra, por 10 bandexas e 5 placas, que acompaña a proposta do concelleiro para a adquisición destes agasallos,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4510-22601, RC 638.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 250,15 € a favor de Joyería TERRA Relojería, con cargo a partida 4510-22601 RC 638, polas bandexas e placas conmemorativas certame corais.

14.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA POLA COMPRA DE MATERIAL DE ENTROIDO.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de febreiro de 2009 aprobouse a programación do Entroido 2009 e o seu orzamento, e tamén se aprobou o libramento de pago a xustificar ao concelleiro de Cultura polo importe de 2.850,75 euros dada a imposibilidade de realizar o subministro dalgúns conceptos necesarios para a realización da actividade aprobada.

Vista a conta xustificativa achegada pola habilitada de data 31 de marzo de 2009.

Visto o informe de Intervención do día 7 de abril de 2009.

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril,

de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña,.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. Diego Manuel Riobó Martínez por importe de 2.850,75 euros, en concepto de Adquisición de material para o entroido 2009.

Segundo: Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

15.- CERTIFICACION Nº CATRO DA OBRA *URBANIZACION DA RUA ROSALIA DE CASTRO*

Dáse conta da certificación epigrafiada nº 4, presentada pola empresa adjudicataria CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. e asinada polo director D. Jose Manuel Carballo Moldes, por importe de 52.058,93 euros, así como a correspondente factura nº 290041 polo mesmo importe, informada favorablemente pola Intervención Municipal o 3 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 4 da obra “Urbanización da rua Rosalia de Castro”, así como a factura nº 290041, polo importe de 52.058,93 euros e recoñecer a obriga por dito importe, con cargo á partida 5110.60112.

Segundo: Remitir o acordo á Deputación Provincial para os efectos de provisión de fondos por atoparse a obra incluída no PAM 08

16.- CERTIFICACION Nº CINCO - FINAL DA OBRA *URBANIZACION DA RUA ROSALIA DE CASTRO*

Dáse conta da certificación epigrafiada, presentada pola empresa adjudicataria CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. e asinada polo director D. Jose Manuel Carballo Moldes, por importe de 39.160,16 euros, así como a correspondente factura nº 290153 polo mesmo importe, informada favorablemente pola Intervención Municipal o 3 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 5 - final da obra “Urbanización da rua Rosalia de Castro”, así como a factura nº 290153, polo importe de 39.160,16 euros e recoñecer a obriga por dito importe, con cargo á partida 5110.60112.

Segundo: Remitir o acordo á Deputación Provincial para os efectos de provisión de fondos por atoparse a obra incluída no PAM 08

17.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 20 de marzo ás 13:10 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 20 de abril de dous mil nove.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 13:10 horas, constitúese a Mesa de Contratación da obra “Construcción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”, integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. José Luis Domínguez González, Arquitecto redactor do proxecto, D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Aparellador municipal, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello e D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe dos Servizos Técnicos sobre as ofertas presentadas.

Na Mesa anterior acordouse non valorar as ofertas presentadas polas empresas PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., BARDERA OBRAS CIVILES Y MARÍTIMAS S.L. e COMPOSAN CONSTRUCCION S.A., por non axustarse ás condicións precisadas na licitación. En concreto, o prezo do contrato en licitación logo do acordo da Xunta de Goberno de rectificación de do prezo dos pregos e anuncio de rectificación de erros publicado no BOE número 78, de data 31/03/09 quedou fixado no importe de de 343.147,94 euros. (IVE incluído.) En conclusión as ofertas presentadas polas citadas empresas rebasan o prezo de licitación polo que en ningún caso poderían resultar adxudicatarias do mesmo.

Á vista do informe técnico municipal de data 20 de abril de 2009, emitido polo Aparellador Municipal e do redactor do proxecto que se recolle a continuación:

“CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

| EMPRESA | Melloras 3 pts. | Traballadores Nova contratación 2 pts. | Duración Novos contratos 2 pts. | Nº Traballador Adscritos 1 pts. | Prazo Execución 1 pts. | Prazo Garantía 1pts |
|--|---|--|---------------------------------------|---|---|--------------------------------------|
| ELITE SPORT | Demolición, 1,000 p. Alumeado, 1,000 p. Proteccións, 0,47 p. | 7 traballadores 2 pts | 7 meses 2 pts | 16 traballadores 1 pts. | 2 meses 1 pts. | 8 anos 0,8 pts. |
| Total 9,27 | | | | | | |
| POLIGRAS IBERICA- COBRA | Demolición, 1,000 p. Alumeado,0,35 p. Proteccións, 1 p. | 7 traballadores 2 pts | 7 meses 2 pts | 16 traballadores 1 pts. | 4 meses e 25 días 0,29 pts. | 120 meses 1 pts. |
| Total 8,64 | | | | | | |

Á vista do citado informe de valoración, a Mesa, por maioría dos seus membros, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato por entender que no seu conxunto é a proposición máis vantaxosa á empresa ELITE SPORT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

Prezo.- 343.147,94 euros. (IVE incluído.)

Melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 51.876,74 euros (orçamento execución material).

Adscrición de traballadores á obra: 16 traballadores.

Contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de sete meses de duración.

Prazo de execución.- Dous meses.

Prazo de garantía.- 8 anos.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 13,25 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)” á empresa ELITE SPORT S.L., polo prezo de TRESCENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (343.147,94 euros). (295.817,19 euros + 47.330,75 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 51.876,74 euros (orçamento execución material), adscrición de traballadores á obra: 16 traballadores, contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de sete meses de duración e un prazo de garantía de 8 anos.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 343.147,94 euros con cargo á partida 4520.62203 do orçamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 14.790,86 euros e se lle cite para que nos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19.1 dos pregos sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 19.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

18.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN (MOAÑA)”

En data 13 de abril de 2009, a Xunta de Goberno procedeu a comprobación da documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e solvencia necesarias para a execución da obra.

As empresas EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A. non presentan oferta.

De conformidade ca cláusula 13.1 dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, a Xunta de Goberno acordou requirir da empresa, que completase no prazo de tres días a documentación acreditativa da solvencia, neste caso, certificados de boa execución das obras executadas para a Administración.

Vistos os certificados de boa execución das obras executadas para a Administración aportados pola empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, a Xunta de Goberno declara admitida, a seguinte oferta:

- RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL.

A continuación, comezou o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL

Prezo.- 100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE)

Melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 25.000 euros.

Contratación de novo persoal: 4 traballadores (Dous Oficiais e dous peóns). (Contratos de 3 meses de duración).

Prazo de garantía.- 12 meses.

Á vista das condicións das ofertas admitidas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de alumado público entre o Portal do Almacén e Broullón (Moaña)” á empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, polo prezo de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 25.000 euros, contratación de novo persoal: 4 traballadores (Dous Oficiais e dous peóns), (Contratos de 3 meses de duración) e un prazo garantía de 12 meses.
SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 100.000 euros con cargo a partida 4320.60114 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos cinco días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros e se lle cite para que nos 5 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificado da Xunta de Galicia acreditativa de que se atopa ao corrente ca citada Administración. Asemesmo deberá aportar a documentación prevista na cláusula 16.4 dos pregos, copia de contratos laborais dos traballadores adscritos á obra.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

19.- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

Vista a redacción das bases que han de rexer a contratación dun/ha traballador/a para a oficina de información turística:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

PRIMEIRA: OBXECTO

Co fin de poñer en funcionamento as oficinas de información turística municipal o Concello de Moaña pretende contratar unha persoa para o servizo de información turística.

Duración do contrato: 3 meses (15/6 a 14/9/2009).

Tipo de contrato: Contrato de traballo por obra ou servizo determinado.

Xornada laboral: 40 horas repartidas entre os días da semana, incluídos sábados e domingos.

Retribucións: 824,96 euros brutos mensuais.

SEGUNDA: CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario acreditar:

- a) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- c) Estar en posesión do título de diplomado en turismo ou ciclo superior en información e comercialización turística. Tamén poderán concorrer ó proceso selectivo os estudantes destas dúas especialidades formativas.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación das presentes bases.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo, ou ben documentación acreditativa de estar cursando estudos de diplomatura en turismo ou ciclo formativo superior de información e comercialización turística.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos sinalados na base segunda, apartado e) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral actualizada.

CUARTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Valoración de currículos, 30% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

Por cada mes de traballo acreditado en posto similar ó que aspira.....0,05 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 1,30 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta, incluídos cursos de idiomas:

- Ata 30 horas0,10 puntos.
- De 30 a 100 horas.....0,20 puntos.
- De 101 a 200 horas 0,30 puntos.
- Mais de 200 horas.....0,40 puntos.
- Ciclo superior en turismo 0,50 puntos.
- Diplomatura en turismo 0,60 puntos.

- Cursos de galego, impartidos, organizados ou homologados pola Xunta de Galicia. Máximo 0,20 puntos:

- Celga 30,10 puntos.
- Celga 40,20 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. So se valorarán os cursos de idiomas con titulación específica e diferenciada, non as asignaturas dentro doutra titulación.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 3 puntos.

2. Exame tipo test, 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con tres posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O tempo máximo será de 20 minutos. O exame versará para cada posto sobre as materias seguintes:

Tema 1.- Disposicións e actos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 2.- Disposicións xerais sobre procedementos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 3.- O municipio segundo a Lei de bases de réxime local.

Tema 4.- Deseño e comercialización de produtos turísticos locais e rexionais.

Tema 5.- Asistencia e guía de grupos.

Tema 6.- Produtos e destinos turísticos nacionais e internacionais.

Tema 7.- Coñecemento do Concello de Moaña e os seus recursos turísticos.

Tema 8.- Principais estruturas de organización e información turística en Moaña e en Galicia.

3. Tradución de inglés, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

O exercicio consistirá en traducir un texto do galego ó inglés.

Mediante estas tres probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidente:

- María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

Vogais:

- Técnico de turismo enviado polo Patronato Rías Baixas.
- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.
- Ángeles Cabeiro Dopico. Funcionaria da área de administración.

Secretario:

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

Para a corrección da tradución de inglés o tribunal poderá nomear un asesor, de consideralo oportuno.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación do aspirante que obteña a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización do contrato de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable. Os demais aspirantes serán ordenados de maior a menor puntuación, constituíndo unha lista de contratación que poderá ser utilizada en caso de baixas, vacacións ou por reforzo do servizo.

SETIMA: PRAZOS.

Presentación de documentación: 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación das presentes bases.

Listado provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional de currículos: 3 días hábiles a contar dende o seguinte ó de remate do prazo de presentación de documentación.

Período de alegacións: 2 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación provisional de admitidos e excluídos.

Listado definitivo de admitidos e excluídos e valoración definitiva de currículos: 2 días hábiles a contar dende o seguinte ó do fin do período de alegacións.

Exame tipo test e tradución de inglés: A data, hora e lugar publicarase conxuntamente co listado definitivo de admitidos e excluídos.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña e nun dos diarios de máxima difusión a nivel provincial.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

Visto o informe do interventor de data 20 de abril de 2009 no que emite reparo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo recollido no informe da Intervención por entender xustificada a modalidade de contratación e a insuficiencia de persoal fixo para a realización desa tarefa.

Segundo: Aprobar as bases e ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de máxima difusión a nivel provincial.

20.- APROBACIÓN DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO.

Visto o informe do 14 de abril de 2009 da traballadora social do Concello, emitido en relación coa solicitude para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica que todas cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración a D.^a Modesta Paz Fervenza.

Segundo: Notificarlle o acordo a Aqualia.

21.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS CONSISTENTE NO ASESORAMENTO URBANÍSTICO AO CONCELLO DE MOAÑA.

Vista a necesidade de que o Concello de Moaña conte cun asesoramento urbanístico cualificado, o concelleiro delegado de Urbanismo **propón** a contratación, mediante un contrato menor administrativo e ata o 31 de decembro deste ano, dunha asistencia técnica en relación ás seguintes materias:

- Asesoramento urbanístico aos órganos de goberno e aos servizos técnicos municipais.
- Asesoramento e seguimento na redacción do PXOM.
- Emisión de informes e requirimentos do concelleiro-delegado de Urbanismo en expedientes urbanísticos complexos (plan especiais, estudos de detalle, proxectos de urbanización, proxectos de obra e outros que pola súa especificidade requiran informe especialmente cualificado)
- Redacción e supervisión de proxectos promovidos polo Concello ata un orzamento máximo de execución material de 300.000,00 €.
- Redacción e supervisión de instrumentos de planeamento promovidos polo Concello.
- Outros traballos de características similares.

Na proposta recóllese, ademais, que o contratista ao que se lle adxudique asuma o compromiso de non participar durante a execución do contrato e nos dous anos seguintes en ningún proxecto urbanístico de natureza privada que se tramite no Concello de Moaña.

Visto o orzamento presentado por D. Gumersindo Ferro Pichel, arquitecto, que cuantifica en 1.800 euros mensuais (ive incluído), o custe da asistencia técnica,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4320-22603,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno. por unanimidade das persoas asistentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor de servizos consistente no asesoramento urbanístico ao Concello de Moaña polo período comprendido entre abril e decembro de 2009 ao arquitecto D. GUMERSINDO FERRO PICHEL, polo prezo de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS EUROS (16.200 €), iva incluído, que representa unha contía mensual de 1.800 euros –iva incluído- desde o meses de abril a decembro de 2009.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 4320.22603 RC 293 do orzamento municipal do ano 2009.

22.- CURSO MÚSICA VOCAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA: PREINSCRICIÓN E PAGAMENTO.

Vista a proposta do Director da Escola de Música de Moaña, do 20 de abril de 2009, que di:

1º - CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRICIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA:

-Prazo: Mércores 22 de abril a mércores 6 de Maio de 2009.

- Horario: 09:00h-13:45h

-Lugar: Oficinas de Caixanova

-Procedemento:

Os interesados deberán efectuarlo pago correspondente en calquera oficina de Caixanova no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto: “**Curso Música Vocal**”

Os prezos serán os estipulados no “II Convenio sobre o Plan de Actividades Complementarias” asinado entre a Banda de Música Popular “Airiños do Morrazo” e o propio Concello.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

Acontinuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición.

ANEXO: Ó TEXTO sobre os PAGAMENTO DOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA do 20 de Abril de 2009.

aproc
page
Mús

| OBRADOIRO | Nome do/a Alumno/a | Importe |
|--------------------|---------------------------------------|---------|
| CURSO MÚSICA VOCAL | ADRIO TARACIDO, MARÍA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | AGUASER MÉNDEZ, CARMEN ALEJANDRA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | ARTIME COI, ELOY | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | BUDIÑO POUSADA, LUCÍA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | CERVERA MERCADILLO, MERCEDES | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | CERVERA-MERCADILLO DE DÍZ, AURORA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | CHAPELA PIÑEIRO, ÁGUEDA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | ENTENZA MALLO, JOSEFINA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | FARIÑA GARCÍA, PILAR | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | FÉLIX LHAMOSA, PABLO ERNESTO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | FERNÁNDEZ VIZ, XABIER | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | FERREIRO VIVERO, MARÍA JOSEFA PAZ | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | FRANCO NÚÑEZ, FRANCISCO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | GARCÍA CARRO, MARÍA ASUNCIÓN | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | GAYO VEIGA, VIDA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | GONZÁLEZ DA CUÑA, SABELA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | GONZÁLEZ GARCÍA, CARMEN | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | GONZÁLEZ POCES, RAQUEL | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | HOMBRE REY, ADELA MARÍA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | JALDA BUDIÑO, MARÍA TERESA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | LAGOA GRANA, ARTURO ANGEL | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | LANDÍN CARRAGAL, TERESA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | LEAL CARREIRA, XULIO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | MORAL HERNÁNDEZ, MARÍA JOSÉ | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | MORQUECHO BARRAL, MANUEL | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | NOGUEIRA RÚA, MANUEL | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | NORES CASQUEIRO, MANUEL | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | NÚÑEZ FERNÁNDEZ, CARMEN | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | PENA NOVOA, AMPARO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | PICALLO BARROS, SUSANA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | PIÑEIRO RIAL, JESÚS FRANCISCO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | RAMIL ACEBO, FRANCISCO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | REQUEJO, PILAR | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | RODRÍGUEZ IGLESIAS, JOSEFA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | SANTOMÉ VERDES, GUADALUPE | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | SOTO-QUIROGA FERRER, ANTONIA | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | SOTO-QUIROGA IGLESIAS, MARÍA CONSUELO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | URTAZA PAZOS, AMPARO | 15€ |
| CURSO MÚSICA VOCAL | VILLAVERDE GONZÁLEZ, MERY | 15€ |

orda
l ao
a de

23.- COBERTURA DUNHA PRAZA DE CONSERXE CON CARÁCTER INTERINO

Dáse conta da proposta feita polo tribunal calificador desta praza de conserxe ofertada mediante concurso-oposición libre

RESULTADOS DEFINITIVOS PARA A PRAZA DE CONSERXE:

Sendo ás 17 horas do día 15 de Abril do 2.009 reunense os membros do tribunal calificador do proceso selectivo para unha praza de CONSERXE.

Presidente: Carlos Piñeiro Sarmiento

Vocales:

Carmen Perez Garcia

Gloria Chapela Lemos

Secretario: Jose Rodríguez Veloso

Como queira que no periodo regulamentario non se presentou reclamación algunha elevase a definitivo a lista provisional

| APELIDOS E NOME | Curriculo | Exame test | Proba Informática | Total |
|---------------------------------|------------------|-------------------|--------------------------|--------------|
| FERNANDEZ VICENTE JOSE LUIS | 1,10 | 2,34 | 1,80 | 5,24 |
| GARCIA BARREIRO PAULA | 1,50 | 1,93 | 2,40 | 5,83 |
| GONZALEZ NUÑEZ MARIA LUISA | 1,33 | 1,70 | 2,55 | 5,58 |
| GRAÑA PEREZ NURIA | 1,28 | 1,53 | 2,70 | 5,51 |
| MENDUIÑA PASTORIZA MANUEL ANGEL | 1,51 | 1,90 | 2,70 | 6,11 |
| PENA SANCHEZ VICTOR DAVID | 1,10 | 2,14 | 2,85 | 6,09 |
| PIÑEIRO MARCOS MANUEL ANGEL | 0,05 | 1,67 | 2,10 | 3,82 |
| REY VIEITES SARA | 1,44 | 2,17 | 2,70 | 6,31 |
| RODRIGUEZ NOVELLE MARIA SOLEDAD | | 1,77 | Non presentada | |
| SANTIAGO PRODRIGUEZ ROMINA | 1,10 | 1,90 | 2,40 | 5,40 |
| VAZQUEZ ESTEVEZ MIGUEL ANGEL | 1,04 | 1,77 | 2,25 | 5,06 |

En consecuencia o tribunal propón a Xunta de Goberno a contratación do aspirante que acadou a maior puntuación SARA REY VIEITEZ nas condicións establecidas nas bases

Moaña, 2 de Abril do 2.009

O SECRETARIO DO T.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda cubrir de forma interina esta praza correspondente á agrupación profesional prevista na disposición adicional sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (antigo grupo E), da escala de administración xeral, subescala

subalterna, coa aspirante proposta polo tribunal calificador das probas SARA REY VIEITEZ.

Suporá en toda caso, como asi o recollen as bases da convocatoria, o fin da duración do interinaxe calquera das seguintes causas:

Cando a praza se provea por funcionario de carreira por algún dos sistemas de provisión previstos regulamentariamente.

Cando por causas sobrevidas a praza sexa amortizada

Cando o Concello de Moaña considere que xa non existen as razóns de urgencia que motivaron a cobertura interina.

O comenzo do interinaxe será do 27 de Abril do 2.009 e o seu salario:

| | |
|-----------------------|--------|
| Salario..... | 546,82 |
| C.D..... | 272,93 |
| C.E. | 405,54 |
| 1% masa salarial..... | 10,42 |
| Productividade..... | 58,04 |
| CET | 38,99 |

24.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

| | Servizo | Lugar | Taxas aboadas | Informe favorable |
|------------------------------|----------------------------|--|---|--------------------|
| FERNANDO BOUBETA MARTÍNEZ | Auga, usos domésticos. | Sisalde, n16 – 4º A | Conexión auga 60 € Fianza 20 € | Aqualia |
| MARÍA INES GARCÍA BLANCO | Auga, usos doméstico | O Rosal, Edif. Poza da Moura, 1 4º - A Moaña | Conexión auga 60 € Fianza 20 € | Aqualia |
| JOSE MARÍA GONZÁLEZ NOGUEIRA | Saneamento, usos doméstico | Calvar, Domaio 105 | Conexión Saneamento... 180 € | Aqualia aparelador |

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.